

Degradación das institucións sociais e usos do solo: mecanismos de retroalimentación entre forestación e condicións de habitabilidade no rural

Helena Martínez-Cabrera* / Gonzalo Rodríguez Rodríguez / Hugo M. Ballesteros¹
Universidade de Santiago de Compostela – Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Recibido: 30 de maio de 2020 / Aceptado: 1 de outubro de 2020

Resumo

A evidencia sobre a irreversibilidade de certos cambios sociais foise consolidando, mais os procesos de formación das percepcións de irreversibilidade e as relacións entre os elementos que as alimentan permanecen inexplorados. Este traballo aborda a contribución dos usos do solo á creación de condicións de habitabilidade no rural, un dos principais retos socioeconómicos destas áreas, empregando 10 entrevistas con persoas expertas no monte realizadas no ano 2016 na Mariña luguesa. Mediante un Diagrama de Bucles Causais, elabórase un modelo de benestar percibido que captura as dinámicas entre subsistemas sociais e naturais no presente, ademais das súas posibilidades de cambio. Os resultados confirman que a autoeficacia, o sentimento de lugar ou a sensación de control asentán unha percepción de irreversibilidade sobre a calidade de vida no rural e reducen a probabilidade de acción colectiva. A necesidade de considerar as percepcións da poboación no deseño de políticas de dinamización rural eficaces queda subliñada.

Palabras clave

Eucalipto / Percepcións / Irreversibilidade / Benestar / Acción colectiva.

Degradation of social institutions and land use: unfolding feedback mechanisms between afforestation with fast-growing species and living conditions in rural areas

Abstract

Evidence of the irreversibility of certain social changes has been accumulating in recent years, but both the processes by which perceptions of irreversibility are formed and the relationships between those elements that feed them remain largely unexplored. This work deals with the contribution of land uses to the creation of liveable rural areas, one of the main socio-economic challenges to be faced. Interviews with 10 experts were conducted in 2016 to collect perceptions among forest owners. Through a Causal Loop Diagram, a model of perceived well-being is developed capturing present dynamics between social and natural subsystems as well as their possibilities for change. The results confirm that variables such as self-efficacy, sense of place, or sense of control underlie a perception of irreversibility and reduce the scope for collective action. The need to consider the population's perception in designing effective rural policies is underlined.

Keywords

Eucalyptus trees / Perception / Irreversibility / Wellbeing / Collective action.

JEL Codes: Q56, I31, Z13.

*Correspondencia autora: helena.martinez@usc.es

¹ Hugo M. Ballesteros agradece o financiamento da Xunta de Galicia do proxecto de investigación posdoutoral N^o ED481B 2018/088.

1. Introducción

A datación da crise climática a nivel global e a importancia do contacto coa natureza para o benestar humano (Hartig, Mitchell, de Vries e Frumkin, 2014) caracterizan un contexto no que parece socialmente desexable apostar pola multifuncionalidade do monte, ou o equilibrio entre as funcións produtivas, recreativas e de conservación. As tendencias recentes na evolución dos usos deste a nivel global van precisamente no sentido contrario, cara á homoxeneización, malia ir en aumento o corpo de literatura sobre os beneficios da xestión multifuncional do monte (Franklin, Johnson e Johnson, 2018). Factores históricos e factores relacionados coa globalización económica facilitarían que a produción de fibra de madeira se impuxera como uso maioritario das áreas forestais a nivel global (Food and Agriculture Organization of the United Nations [FAO], 2020) e que a principal función do monte sexa a de producir madeira e derivados, ignorando outros bens, servizos e mesmo a estabilidade das comunidades locais dependentes da actividade. Estes cambios son referidos na literatura como vectores de homoxeneización biocultural (Rozzi et al., 2019).

As culturas da natureza modulan o tipo de interaccións entre persoas, organismos vivos e materia inanimada, e para o caso do monte en Galicia ten sido caracterizada como “un modelo de extractivismo-productivismo orquestrado polo Estado” (Ares-López, 2017, p. 59). Esta cultura definiría como norma unha relación co monte que busca a obtención de grandes cantidades de recursos naturais non procesados, na actualidade orientados ao mercado exterior, e que se caracteriza por ter un fondo impactante socioambiental. A orientación exportadora do conxunto da cadea forestal-madeira galega, así como a especialización do sector en produtos intermedios dos primeiros elos da cadea, confírmase en informes recentes (Picos Martín, 2015).

A cultura define as condicións para a reproducibilidade de modos de vida, a compatibilidade das plantacións forestais con outros usos e as posibilidades de satisfacción material e emocional das comunidades (Jasper, 2017), incluídos os modelos de xestión forestal e o tipo de conflitos e respostas diante destes (Marey-Pérez, Díaz-Varela e Calvo González, 2014). A integración da cultura nos estudos da acción colectiva serve de ponte coas análises de cambio social, ao recoller significados compartidos baseados na identidade que atravesan as dinámicas da acción colectiva (van Zomeren e Louis, 2017).

O monte, ademais de prover recursos, contribúe á propia definición das comunidades, no senso en que acolle e sostén os seus xeitos de vivir, as súas tradicións (Stedman, 1999). Traballos previos sobre a percepción da forestación intensiva con especies de medra rápida para o monte galego constataron a súa aceptación xeneralizada e empregaron como variable explicativa para facelo unha variante da identidade: o sentimento de lugar (Martínez-Cabrera e Rodríguez Rodríguez, 2016). Trátase dun venello emocional, de pertenza aos lugares, e que se compón de dúas dimensións: apego e satisfacción, ambas predictoras da acción colectiva, especialmente cando o apego é alto e a satisfacción baixa, ou á inversa (Stedman, 2002). O estudo para o caso galego constatou a importancia do apego ao monte na identidade das persoas, e unha satisfacción alta polas rendas xeradas e pola facilidade do cultivo das plantacións con eucalipto, apoiando achegas que demostraban empiricamente o vínculo emocional, ou “vocación forestal”, no tipo de xestión forestal practicado polas persoas propietarias (Marey Pérez, Rodríguez Vicente e Crecente Maseda, 2007).

Aínda que as persoas normalmente se senten máis ligadas a lugares non degradados, en ocasións intereses como poden ser os económicos impóñense (Stedman, 2003). A percepción dunha vulnerabilidade persistente, un sentimento de autoeficacia escasa, modelos de gobernanza concretos ou a irreversibilidade de certos cambios son exemplos de mecanismos que desincentivan a acción colectiva (Benford e Snow, 2000; Masterson, Enqvist, Stedman e Tengö, 2019; van der Toorn et al., 2015).

Este artigo enmárcase dentro do proxecto da tese de doutoramento *Calidade de vida e monocultivos forestais: un enfoque interdisciplinar sobre o benestar da poboación no medio rural*, e busca definir os mecanismos que conectan extractivismo, abandono e benestar. Supón un avance respecto de esforzos

anteriores², cuxa información primaria serve de base para a análise presentada a continuación. O obxectivo é probar se estes mecanismos sosteñen a percepción de irreversibilidade sobre o abandono forestal, e como prefiguran unha probabilidade de acción colectiva baixa. Ademais, pretende contribuír a cubrir o baleiro detectado na literatura da Economía e Ecoloxía á hora de medir os danos estruturais que acontecen en institucións sociais que “dependen fundamentalmente das capacidades, valores e recursos das comunidades afectadas” (Pols e Romijin, 2017, p. 498). Ao facelo, preténdese contribuír ao cambio dunhas análises sobre a gobernanza centradas no “lado da oferta” –ou perda da centralidade das institucións públicas tradicionais– por outras focalizadas na “demanda”, ou a capacidade percibida para provocar cambios, defenderse diante de ameazas ou crear rutas alternativas de desenvolvemento (Garud, Kumaraswamy e Karnøe, 2010; Nussbaum, 2011).

Este traballo aborda un dos problemas demográficos do rural –o abandono– desde unha perspectiva integral, dos significados que se derivan das interaccións entre persoas e medio ambiente. Aplica este marco para avaliar a contribución dos usos do solo á creación de condicións de habitabilidade, un dos principais retos socioeconómicos destas áreas. Parte de que a reproducibilidade da vida precisa da existencia de apropiación, sentimento de autoeficacia ou desexo de permanecer nun lugar entre as comunidades implicadas.

O artigo presenta un modelo de benestar percibido para a comunidade de persoas dependentes do monte, e captura as dinámicas complexas entre subsistemas sociais e naturais no presente, ademais das súas posibilidades de cambio no futuro. Para artellar as percepcións elabórase un Diagrama de Bucles Causais (Sterman, 2000) e represéntanse procesos de retroalimentación que dificultan a aparición de cambios na relación entre usos do monte e benestar da poboación. O contraste empírico dos procesos explorados neste artigo forma parte da axenda futura de investigación, e permitirá ponderalos e operativizalos axeitadamente.

2. Métodos

A investigación presentada foi elaborada por medio de técnicas cualitativas de investigación: 10 entrevistas en profundidade realizáronse a residentes na Mariña lucense entre xullo e agosto de 2016. A escolla deste tipo de técnicas responde ao obxectivo de obter, sobre todo, información exhaustiva e en primeira persoa da cosmovisión (conxunto de explicacións causais aproximadas) sobre a relación co medio ambiente nas zonas arboradas da Mariña lucense, e sobre como as mudanzas na paisaxe forestal afectan a estas comunidades. Seguindo a Teoría Fundamentada, a análise dos datos levouse a cabo por fases, combinando estratexias indutivas e dedutivas. O obxectivo desta aproximación epistemolóxica é a xeración de teorías e relacións causais axustadas ao terreo, ao caso de estudo, que emerxen directamente dos datos dispoñibles e que aseguran que se respecta a diversidade nos resultados (Charmaz, 2005).

Na elaboración do guión para as entrevistas en profundidade, tivéronse en conta 6 grupos de factores que afectan directamente ás probabilidades de acción colectiva, e que a literatura ten apuntado adoito como significativos. Así, realizouse unha transcripción o máis literal posible das 10 entrevistas, que foron a continuación codificadas e analizadas seguindo 6 ítems ou bloques temáticos: crenzas avaliativas sobre a natureza e o monte na Mariña lucense; historia de vida; apego ao lugar e identidade; satisfacción co lugar; actitudes e probabilidade de comportamento proambiental; e finalmente, expectativas de cambio futuras empregando preguntas para a xeración de escenarios retrospectivos (Vergragt e Quist, 2011).

Desenvolveuse un modelo conceptual empregando Diagramas de Causalidade Circular (Sterman, 2000), propio da Teoría de Sistemas, para estruturar as percepcións das persoas entrevistadas. As fre-

² Referímonos aquí á investigación titulada *Sentimento de lugar e eucaliptos: unha aproximación interdisciplinar ao estado do monte en Galicia*, realizada como traballo final do mestrado en Desenvolvemento Económico e Innovación da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela.

chas nas Figuras 2 e 3 indican que un cambio nunha variable provoca cambios noutra. A dirección da relación, que se indica cun símbolo + ou -, refírese a que, ao aumentar a variable de saída da frecha, a outra aumenta ou mingua máis do que acontecería de non existir o cambio na variable de saída. Unha liña atravesando a frecha suxire que existe un atraso no efecto.

2.1. Estudo de caso

A escolla da Mariña luguesa como área para a realización do traballo de campo debeuse ao especialmente intenso proceso de forestación da área (Corbelle e Crecente Maseda, 2014) e ao peso da cadea forestal-madeira dentro da economía local (Instituto Galego de Estatística [IGE], 2013); ao relativo dinamismo económico e demográfico que presenta a Mariña dentro do rural galego; á facilidade de acceso a informantes chave polo previo coñecemento da área; e a que, identitariamente falando, pode considerarse unha unidade á que a poboación segue intensamente vencellada (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural [AGADER], 2011).

2.2. Participantes

Dez homes e mulleres da Mariña lucense participaron neste estudo. O perfil buscado foi o de persoas recoñecidas nas súas contornas locais como boas coñecedoras do monte, que fixesen distintos tipos de usos deste e que presenciasen as transformacións máis importantes en canto a usos do solo. Así, as persoas entrevistadas socializáronse entre o final da posguerra (anos 50 e 60) e a etapa de *desarrollismo* franquista (1960-1972). Contactouse con persoas que foran recomendadas en máis dunha ocasión nas tres bisbarras da Mariña. A cota de xénero nas persoas entrevistadas foi tamén tida en conta. Malia isto, a nosa mostra non é paritaria. Só tres das dez entrevistas realizadas foron con mulleres. As características sociolóxicas máis relevantes para o noso obxecto de estudo das persoas entrevistadas pode consultarse na Táboa 1.

Táboa 1. Perfil sociolóxico das persoas entrevistadas

Nº entrevista	Idade	Xénero	Lugar de residencia	Situación laboral/profesión
1	67	home	Alfoz (rural).	Xubilado, dedicado ao sector forestal.
2	44	home	Barreiros (urbano).	Traballador por conta allea.
3	89	home	Ribadeo (rural).	Xubilado, labrego.
4	84	home	Ribadeo (rural).	Xubilado, gandeiro.
5	50	muller	Cervo (rural).	Traballadora, profesión liberal.
6	66	home	Trabada (rural).	Traballador por conta propia.
7	78	muller	Cervo (rural).	Xubilada labrega.
8	52	muller	Barreiros (rural).	Traballadora Administración.
9	64	home	Ribadeo (rural).	Traballador Administración.
10	72	home	Foz (rural).	Xubilado, dedicado ao sector forestal.

Fonte: elaboración propia.

Durante o recrutamento non se buscaron especificamente persoas que tiveran en propiedade un predio forestal, mais os criterios de busca e as características sociodemográficas da área levaron a conformar unha mostra na que só unha das dez persoas participantes non era propietaria forestal. A distribución xeográfica da mostra pode observarse na Figura 1, cun maior número de entrevistas realizadas na Mariña Oriental froito da técnica de bóla de neve empregada para a preselección de informantes, pero con presenza de casos nas tres bisbarras que compoñen a área de estudo.



Figura 1. Distribución xeográfica das entrevistas en profundidade realizadas. Fonte: elaboración propia.

3. Mecanismos

3.1. Mecanismo 1: utilitarismo na relación entre persoas e monte e extractivismo como progreso

O eucalipto e as plantacións forestais están amplamente asimiladas á riqueza forestal de Galicia. As persoas participantes amosan unha satisfacción xeral con respecto ao estado do monte, que caracterizan como un eucaliptal na zona de estudo. O monte é entendido, maioritariamente, como un espazo produtivo que tanto na actualidade coma no pasado serve para complementar a economía familiar das persoas propietarias. O mantemento da actividade produtiva é a vía principal de relación co monte.

O monte e a súa evolución compréndese como un feito significativo da vida das persoas entrevistadas. Na maior parte dos casos, a conexión co monte mantense ao longo de toda a vida, malia ir cambiando. O monte da infancia das persoas entrevistadas (isto é, o dos anos 40-60) é descrito como un espazo produtivo, de autoabastecemento para as familias e no que tamén se realizaban traballos por conta allea. Dos traballos tradicionais no monte ocupábanse as clases menos acomodadas. Isto descríbese no bucle R1, ampliado na Figura 2. Así, dado o reducido das súas quendas de corta, os cultivos forestais –primeiro con piñeiro e posteriormente con eucalipto– axudan á produción de rendas no monte, e aproveítanse de acordo a un sistema sinxelo no que se emprega maquinaria, rachando cuns usos do monte connotados negativamente, propios do pasado (R2):

Ai! os cambios do monte non afectan á xente de aquí, porque era moi escravo. Mira que antes a madeira había que facela con tronizador, e serrar entre dous. Eu teño ido irlle axudar ao home, xa varias veces, e cargala igual á man, que non había plumas nos tractores nin había...; nin había tractores. Non había nada. Había uns coches cativos que a carretaban, e listo. Así, que de estraño o monte non se bota para nada, porque era moi escravo, moi escravo. Non daba para vivir, non sendo aos que tiñan moito capital.




Figura 2. O sistema de retroalimentación entre forestación e abandono do rural. As variables incluídas nos diagramas de bucle (R1-R8) dan conta das conexións e das relacións circulares entre os subsistemas. As malas condicións de vida no rural (R1) favorecen a adopción de estratexias no curto prazo para o aproveitamento do monte (R2). A perda de poboación reduce o coñecemento sobre o terreo e crea unhas expectativas baixas sobre a calidade de vida futura no rural (R5), reforzando a especialización da cadea forestal-madeira nas primeiras fases de transformación (R6). Isto, xunto coa degradación ambiental asociada aos monocultivos e o cambio climático (R4), incrementa a presión polo acceso a novos terreos para as plantacións forestais e coloca nunha situación vantaxosa á industria de primeira transformación de madeira. O sentimento de lugar, composto pola satisfacción respecto da obtención de rendas do monte cun esforzo mínimo (R7) e pola construción dunha identidade rural ancorada no mantemento da súa actividade produtiva e avivada polo conflito das demandas que se lle fan ao monte (R8), crean unha situación na que a probabilidade de acción colectiva é baixa. Un modelo de xestión forestal deficiente incentiva a competencia entre persoas propietarias e a desconfianza entre elas e cara á Administración (R3). Con todo, as posibilidades de que haxa cambios de uso do monte a nivel agregado vense limitadas. Fonte: elaboración propia.

A extensión dos monocultivos forestais, favorecidos polo efecto demostración das repoboacións practicadas polo Estado e por outros incentivos máis tarde, aparece relacionada cunha estratexia de maximización da rendibilidade do monte por parte das persoas propietarias forestais. As plantacións multiplícanse nun contexto onde non habería demanda doutro tipo de recursos producidos no monte, onde chegan á zona novas oportunidades de traballo ligadas ao mar, á construción ou a Alcoa, e en que as rendas dispoñibles da poboación son referidas como baixas. A produtividade do eucalipto e a facilidade do seu cultivo axudan, tamén, a explicar a multiplicación destas masas no monte da Mariña lucense. O aproveitamento tradicional do monte é asociado cunhas condicións duras e de pobreza, o que redunda en beneficio da difusión dos monocultivos, tal e como amosa en detalle a Figura 3, impedindo que o monte cumpra outras funcións.

Con todo, a necesidade destacada que a eucaliptización axuda a satisfacer é a de subsistencia. Isto relaciónase cunha comprensión maioritaria do monte como recurso produtivo, e distribuidor da ri-

queza, do que amplas capas sociais da Mariña se benefician. As modalidades nas que a plantación de monocultivos satisfán a necesidade de subsistencia foi mudando. Se ben a xestión directa por parte das persoas propietarias era o común, a mecanización da actividade, coa consecuente menor esixencia do factor traballo, novas oportunidades laborais e o cambio nas aspiracións profesionais farían que a xestión forestal se fose externalizando progresivamente.




Figura 3. Relacións entre forestación con especies de medra rápida e historia de vida do traballo no monte. Fonte: elaboración propia.

A homoxeneización dos usos do solo restrinxe o contacto co monte ao manexo das masas forestais. As plantacións forestais non están, polo xeral, asociadas cos usos recreativos ou ambientais do monte, contribuíndo á perda de contacto con el para a poboación en xeral e reducindo a demanda de funcións non produtivas.

Fronte a esta visión utilitaria, dúas persoas afirman entender o monte como o marco para o contacto coa natureza, para o deleite e como oportunidade para unha conexión orgánica co medio, que algunhas entrevistas apuntan como inalienables da condición humana.

3.2. Mecanismo 2: o mantemento do uso produtivo do monte como fonte de apego comunitario, hoxe ameazado

O cultivo do monte con plantacións forestais enténdese como expresión dun modo de vida propio do rural (R8). Malia recoñecer que o estado do monte cambiou, as persoas entrevistadas subliñan a importancia do monte na súa propia definición. O monte é comprendido como patrimonio, no senso en que atesoura o pasado da Mariña, o modo de vida da poboación. O monte é un medio a través do cal se establecen ligazóns coas xeracións anteriores, continuando a súa obra. O estado do monte e os atributos da paisaxe intégranse na autodefinición e na identificación das persoas entrevistadas, e aparecen nos seus discursos asociados ás interaccións coa comunidade local.

Todas as funcións do apego ao lugar como trazos identitarios (continuidade, autoestima, autoeficacia e distinción) son sinaladas nas entrevistas, malia que as máis destacadas son a continuidade e a distinción. O coñecemento do monte e o feito de se realizaren traballos directamente nel implican ser da zona, ser da casa ou ser do rural, e achegan continuidade respecto das xeracións pasadas que tamén traballaban o monte e distinción con respecto ás residentes no eido urbano, como reflicte esta cita: “Teño un neto que é moi de aquí, de ir ao monte, de coller o fouciño e darlle...”.

O manexo de plantacións forestais une as persoas, individualmente, coas comunidades locais onde residen. O coñecemento e a implicación persoal na xestión dos cultivos forestais durante todo o ciclo de crecemento enténdense como sinal de autoeficacia. Relacionado con isto, a produtividade do monte, ligada ás plantacións forestais con especies de medra rápida, enténdese como unha característica distintiva da Mariña. Porén, o modelo de xestión do monte (R3) que se describe no apartado 3.4 facilita que as persoas propietarias compitan entre si, o que vai en detrimento, segundo as entrevistas, da confianza e da cooperación.

Os rendementos decrecentes das plantacións segundo se suceden as repoboacións fan que as persoas expertas vaticinen un aumento da presión para o acceso a novos terreos. Isto aparece nos discursos asociado ao conflito entre demandas produtivas e non produtivas que se lle fan ao monte, e a mencións a unha identidade negativa do rural fronte ao urbano. Así, o conflito pola definición dos usos do monte entre ecoloxistas e paisanos, tamén referido como un conflito entre residentes no medio rural e no urbano, serve de mecanismo de distinción entre un grupo e outro. Se por unha banda as demandas non produtivas (de lecer, de estima...) se atribúen a necesidades propias das persoas urbanitas, as produtivas relaciónanse coas rurais, cando menos para unha parte das persoas entrevistadas:

Os ecoloxistas, ecoloxistas de salón, os que discuten e din: “Non, temos que ter todo con carballos, e todo con bosque natural”. Claro, están dispoñendo do que non é seu, que todos teñan para que el pasee, pero, claro, dirán: “Oe, que pasee *tu padre*, que eu o teño para o que o teño”. Aí hai... Eu ás veces digo unha frase (que recoñezo que é un pouco cabrona), que é que eu ando todos os días polo monte, pero cando digo todos os días é todos os días. Poño as botas e ando por aí, non? Cando non é co can, é co coche, co Land Rover, con iso, e tal... Pero eu nunca encontro un ecoloxista no monte.

3.3. Mecanismo 3: unha espiral fatal entre abandono e forestación

O abandono do rural (R6) baleira estas áreas de persoas en idade activa. Segundo as persoas expertas entrevistadas, o cambio climático, a maior exposición á contaminación, a redución da produtividade das plantacións a medida que se suceden as repoboacións, a progresiva mecanización da actividade silvícola e o proceso de degradación ambiental (R4) asociado aos monocultivos e ás súas quendas provoca que as necesidades de terreo para os cultivos forestais no futuro medren: “Ocupáronse [os terreos con plantacións] polo sistema que fora, porque moita xente marchouse de aquí e... É preferible ter unhas terras a eucaliptos que telas a toxos, porque non van dar absolutamente nada”.

Se ben as entrevistas non apuntan unha causalidade, si aparecen referencias a que, ao instaurarse o forestal con especies de medra rápida como uso do solo maioritario, se dan condicións para que a industria de primeira transformación de madeira e silvicultura integre fases do proceso produtivo e deste xeito gañe capacidade de decisión no mercado no medio e longo prazo (R5) fronte a outros sectores:

E eu dediqueime á madeira, pero comprábanma... Despois, a partir de grande, na Forestal [Patrimonio Forestal do Estado]; que é unha marabilla, unha marabilla. Contratában por cortar, pagáballes por tonelada e chegaba a fin de mes. Non tiña que estar pendente da nómina da xente, porque iso é moi duro, eh! Hai moitas familias esperando e tes que ter a pasta alí para pagarlles.

Así e todo, isto non evitaría que a poboación moza marchase a núcleos de poboación maiores e que os servizos gañasen peso como motor económico na zona. Ao facelo, o aproveitamento que permite un uso produtivo do monte co mínimo esforzo é o eucalipto (R7). Así, de acordo coas entrevistas, o abandono explica a forestación con especies de uso industrial, pero a forestación e a estrutura do sector³ non evita o abandono dos terreos forestais:

Hai moi pouca xente nova involucrada. É certo que a propiedade está na xente maior. [...] Porque a xestión propia estase perdendo totalmente. A xente marchouse para vilas maiores e..., o contacto directo co monte o perdeu, creo, inclusive o coñecemento da súa propiedade, unha gran parte. Por tanto, se non vai traballar ao monte está perdendo o contacto total co monte. Entón, a situación é que si lle pode interesar o monte como un ben que lle... Desde un punto de vista ecolóxico é importante, se quere vivir na zona. É importante desde o punto de vista económico; pero non de xestión propia, non ten nin que vivir aquí...

A propagación dunha economía rendeira e cunha xestión externalizada no monte fai que o coñecemento sobre o patrimonio e os recursos naturais deixen de ser precisos para o mantemento da actividade produtiva, de acordo coas persoas expertas. Os baixos coidados requiridos polas plantacións posibilitan que persoas que residen lonxe das súas propiedades poidan ter cultivos con especies de medra rápida. O movemento das xeracións novas cara ás áreas máis dinámicas, urbanas, conduce –segundo as entrevistas– á perda dos vencellos co monte e á desaparición de certos vínculos comunitarios, o que favorece a expansión de posturas fatalistas entre as persoas de maior idade respecto das posibilidades de dinamización do rural no futuro (R5).

Neste contexto, as persoas participantes consideran que a forestación está ligada a que a perda de poboación aumenta máis do que o faría de seguir igual todo o resto de variables que inflúen na perda de poboación. A nivel micro, o abandono e a non obtención de toda a variedade de beneficios que o monte podería ofrecer, dada a asunción do cultivo de eucaliptos como fórmula maioritaria do seu aproveitamento, relaciónase con razóns de tipo cultural e históricas: non aprecio polo propio, autoestima baixa, ou ben co individualismo atribuído aos galegos e ás galegas.

Do eucalipto sabemos, efectivamente, que é foráneo. Que indica unha falta de identidade? Si, efectivamente, iso e moitas cousas máis. Eu penso que o pobo galego é un pobo que, digamos, se deixa conquistar facilmente. Dálle igual quen veña de fóra a poñer aquí..., a plantar.

A desconfianza entre as persoas propietarias do monte, que as volvería remisas á colaboración e crearía receos respecto da Administración pública (R3), explícase –de acordo coas entrevistas– por unha longa lista de abusos por parte das institucións públicas e dos madeireiros, que aproveitaban, en moitos casos, o baixo nivel cultural ou a necesidade económica da parte propietaria para obteren beneficios ou conseguiren destas persoas cambios de conduta.

Malia darse na Mariña luguesa cunha menor intensidade que noutras zonas rurais galegas, a falta de oportunidades laborais para as xeracións novas explica tamén o éxodo da poboación en idade activa. Así mesmo, moitos informantes mencionan a existencia dun cambio de valores entre a poboación, que lle daría menos importancia ao coidado e ás tarefas produtivas do día a día. A velocidade dos cambios socioeconómicos acompaña a mudanza de valores, dificulta a adaptación das xeracións máis vellas e o intercambio interxeracional. Percíbese unha desconfianza cara ás xeracións novas por parte das persoas de maior idade, que vai acompañada dunha postura fatalista respecto das posibilidades dun relevo xeracional e polo tanto do benestar do rural, que se prognostica como moi deficiente (R5).

³ Por estrutura do sector enténdese o funcionamento global do complexo industrial forestal-madeira, e a interrelación entre as súas distintas ramas de actividade. As fontes coinciden en caracterizar a estrutura do sector en Galicia como pouco diversificada, cun encadeamento cara adiante e cara atrás das ramas baixas do complexo, escasa intensidade relativa do factor traballo, concentración da demanda en poucos actores, e unha dependencia do mercado internacional do papel na fixación dos prezos de retirada de madeira (IGE, 2013; Picos Martín, 2015).

3.4. Mecanismo 4: un modelo de xestión forestal caduco sobre o cal as persoas perden capacidade de control

A achega á calidade de vida do monte é comprendida polas persoas entrevistadas de dous xeitos distintos: como a renda obtida froito do seu aproveitamento produtivo; ou como outra cousa. Ao preguntar pola visión ideal de futuro sobre como o monte podería contribuír á calidade de vida da poboación, o primeiro significado asociábase a un aumento das rendas do monte no futuro, mentres que o segundo se acompañaba de visións diversas que coincidían na existencia dunha maior confianza e cooperación externa entre os distintos actores e interna entre as persoas propietarias forestais, unha maior capacidade de decisión da poboación ou un aumento do grao de autosuficiencia.

Malia o anterior, os informantes consideran que nin a variedade nos usos do monte nin o incremento da produtividade contribuirán de xeito significativo a frear a perda de poboación do rural, que se agravará:

O que eu vexo con pesimismo é que, cando se produce un movemento migratorio que colle unha dirección, é dicir, que vai desde o campo, a zona rural, e apunta cara á costa e á zona urbanizada, é moi difícil facer un movemento de retroceso para iso. Como é o movemento? Fins de semana, turismo rural, turismo en certas épocas; pero xa vas experimentar [...] Ti tes a túa vida, o teu traballo, a túa zona de vida, o teu hábitat. Queres ter autovías, queres ter cemento, queres ter espectáculos, queres convivir nunha zona tal... Entonces, é difícil o regreso, non sabes? En Galiza estamos perdendo un pouco o que podíamos chamar o tren rural.

A xestión do monte, diante da retirada da Administración, recae sobre a vontade particular das persoas propietarias forestais (R3). A estrutura da propiedade da terra, definida como anacrónica, e o desleixamento tanto da Administración como de propietarios/as particulares respecto do ordenamento do territorio supoñen unha barreira á maximización desa necesidade principal de subsistencia que a actividade dos montes satisfai.

Todo o anterior, sumado a unha estrutura da cadea forestal-madeira, denotada en xeral como pouco xusta e con posicións monopolistas, provoca que as rendas dos cultivos forestais supoñan unha fonte secundaria de ingresos para a maior parte da poboación, ademais de depender de factores que non controlan as persoas pequenas propietarias. Aínda que as visións ideais de futuro son diferentes, as entrevistas apuntan maioritariamente cara á caducidade do modelo actual de aproveitamento do monte:

Estes galegos de aquí, por que puxeron todo de eucalipto? Porque ti, mires onde mires, todo, todo, sempre é eucalipto. A non ser que sexa unha zona... Non sei, no val, que haxa unhas maíneas; todo o demais é eucalipto. E por que? Teñen unha propensión ao eucalipto, ou como é? Non, porque sacan diñeiro; é o máis produtivo, por iso o plantan. Plantan durante dúas ou tres xeracións, eh!, porque despois non vai dar máis. El chupa, toma os seus nutrientes, e despois hai que cambiar de especie, pensar noutra cousa.

Varios dos significados asociados ao monte son percibidos como ameazados ou mellorables, especialmente aqueles que vencellan o monte coa función social, de lecer e patrimonial. Para aqueles casos nos que o monte era considerado maiormente un recurso produtivo, este non era xulgado como en perigo na actualidade, e as persoas enfocaban as súas suxestións de futuro cara á mellora da produtividade dos cultivos. A concentración parcelaria, a mellora das infraestruturas forestais, a xestión conxunta das explotacións forestais, unha maior transparencia do mercado ou o fomento do asociacionismo entre propietarios e propietarias forestais figuraban entre os cambios que farían posibles as visións de futuro.

Diante das ameazas percibidas, as persoas entrevistadas amosaban unha boa disposición ao uso múltiple do monte, aínda que con excepcións e sinalando certas condicións para que isto puidera dar-

se. Incluso varias entrevistas sinalan o interese económico que se podería derivar dunha maior multifuncionalidade do monte. A planificación no longo prazo dos usos do monte, a xestión conxunta e un maior ordenamento dos terreos forestais son considerados elementos beneficiosos, independentemente dos significados principais atribuídos ao monte. Estas medidas enténdense como positivas para o monte e para as relacións das persoas con el, reducindo o risco de abandono.

A respecto da capacidade percibida para provocar un cambio, as entrevistas denotan que o estado do monte está estreitamente ligado ás posibilidades de participación, de involucración na súa xestión. Sobre todo, a estrutura da propiedade da terra favorece –de acordo coas entrevistas– a perda de contacto co monte para amplas capas da poboación, dificultando tamén a interacción nel con outras persoas e creando vías distintas ás tradicionais para a xeración de diversas fórmulas de capital social, como a confianza ou o apego comunitario, condicións necesarias para provocar un cambio.

Porén, e malia rexistrar o beneficioso dunha diversificación dos usos do monte no 2040 na Mariña, as persoas expertas participantes coincidían no mantemento da importancia relativa das plantacións forestais sobre o conxunto de usos do solo. O cambio de usos do monte e a capacidade de arrastre deste para a dinamización do rural, de poder darse, dependería sobre todo da intervención da Administración pública.

4. Discusión

4.1. Bloqueo e reforzo do equilibrio: a percepción de irreversibilidade

A combinación entre o utilitarismo como vía de vencello principal co monte, a estrutura do sector e a deficiente xestión forestal, ademais do abandono e a combinación entre satisfacción pola obtención de rendas e identidade relacionada co mantemento da actividade produtiva, resulta nunha situación de equilibrio que favorece a intensificación do uso extractivo do monte. Como se observa na Figura 2, existe a percepción xeneralizada de que factores como a demografía, a historia, as condicións socioeconómicas, a identidade ou a gobernanza na área de estudo, e específica para o grupo de persoas propietarias forestais, funcionan como bucles de retroalimentación positivos, con múltiples relacións circulares directas ou mediadas.

Os resultados confirman a percepción de irreversibilidade sobre as posibilidades de reproducir os modos de vida que satisfán, material e emocionalmente, ás persoas expertas na actualidade, especificamente na súa relación co aproveitamento do monte. Os resultados apuntan cara á existencia dun sistema con dependencia da senda, que resultaría nunha situación de bloqueo (Garud et al., 2010), dificultando a medida que pasa o tempo a aparición de usos alternativos no monte e a capacidade de fixar poboación da actividade.

Varias relacións circulares concretas son subliñadas directamente nas entrevistas. En primeiro termo, os cultivos forestais enténdense como causa e consecuencia da perda da participación nos usos e ordenamento do monte, propia do pasado. Por unha banda, os cambios na estrutura socioeconómica facilitarían –de acordo coas nosas informantes– a proliferación das plantacións menos esixentes en traballo. Por outra, os eucaliptos, como uso maioritario no monte, afastarían a poboación del, que deixaría de interesarse polo seu estado ao non ter tanto contacto con este. En segundo termo, a perda gradual de vencellos coa comunidade ten unha orixe consensuada: o abandono do rural. O eucalipto é entendido, sobre todo, como unha consecuencia do movemento da poboación cara ás cidades, malia indicarse tamén que pode ser unha causa.

Nesta liña, a maior parte das persoas entrevistadas teñen unha visión de futuro continuísta con respecto ao estado do monte, confirmando o bloqueo. De acordo cos informantes, os usos maioritarios do monte serán o de acoller plantacións, que se intensificarán e dos que se tirarán mellores rendementos debido á mecanización, á concentración parcelaria e á diversificación na estrutura do sector. O encadeamento entre sectores e a realización de segundas transformacións dos produtos forestais a nivel

local implicarán, tamén, a xeración de máis rendas, malia suxerir as entrevistas que o reparto destas rendas non será equitativo, pola perda de capacidade de decisión sobre as condicións do mercado fronte á industria.

O recoñecemento da irreversibilidade de certos procesos, como a perda de poboación en idade activa ou o cambio de usos do solo logo de ter acollida unha plantación forestal, está asociado á percepción da perda de capacidade das persoas residentes e propietarias forestais para provocar un cambio na dinámica do rural e á perda de coñecemento directo sobre o territorio, preciso para un aproveitamento multifuncional e para a distribución da riqueza dentro do sector. A contaminación crecente na zona, por influencia de Alcoa ou por outras causas relacionadas coa urbanización das zonas costeiras, é sinalada tamén como unha barreira ao pleno desenvolvemento do potencial produtivo do monte. A conxunción dun sentimento de autoeficacia baixo e a sensación de perda de control sobre os usos do solo, coa capacidade de xerar oportunidades para os estratos poboacionais máis novos leva a que a Administración pública, como garante do benestar da poboación no rural, gañe terreo.

Respecto da estrutura socioeconómica, a especialización da cadea forestal-madeira e, nas primeiras fases de transformación, a presión polo acceso a novos terreos son referidas como condicionantes tanto dos usos do solo como das posibilidades para a creación de postos de traballo na zona que sexan quen de fixar poboación, especialmente nas áreas do interior.

O cambio de valores e preferencias entre as capas máis novas da poboación, xunto coa progresiva perda do saber facer e do coñecemento do territorio, ao deixar a actividade aquela parte da poboación con experiencia directa, limita as posibilidades de que os usos maioritarios do solo muden. Con todo, a perda de poboación nas áreas rurais estudadas e mais a baixa demanda do factor traballo, asociada á economía forestal actual baseada no cultivo de especies de medra rápida, levarán á institucionalización da forestación con especies de medra rápida como o uso maioritario do monte, producindo dous fenómenos que se reforzan mutuamente e que darán lugar a un bloqueo. A ampla aceptación deste uso (Martínez-Cabrera e Rodríguez Rodríguez, 2016) pode considerarse como un indicador da existencia dunha “licenza social para operar” (Prno e Scott Slocombe, 2012), malia ser recoñecida como non óptima en canto á rendibilidade por arredor dun 60% das persoas propietarias forestais, de acordo coas investigacións aplicadas nun dos concellos da nosa área de estudo (Marey Pérez, Rodríguez Vicente e Crecente Maseda, 2007).

Estes resultados redundan no papel chave do abandono do rural identificado en traballos sobre a relación entre distintos factores socioeconómicos co tipo de manexo forestal practicado nas comunidades de montes veciñais en man común galegas (Marey Pérez et al., 2014). Estes autores apuntan, en liña coas nosas achegas, que o abandono dos terreos e a inexistencia de procesos decisorios sobre o manexo do monte, que sexan quen de integrar a diversidade crecente de demandas realizadas, teñen o risco asociado, de cara ao futuro, de desprazar aquelas motivacións de tipo emocional ou intrínsecas que axudan a explicar o mantemento da actividade forestal entre moitas persoas pequenas propietarias, e nas que o sentimento de lugar se sostén. Nestes casos, as Teorías de Sistemas sitúan, como principal vía para a saída do bloqueo, a obsolescencia do sistema (Sterman, 2000), que definen como aquelas situacións nas que estes deixan de axustarse e de evolucionar á par das tecnoloxías e das estruturas sociais.

4.2. Capacidades para a acción colectiva presente e futura como indicador de benestar

As proxeccións de futuro sobre o benestar das persoas dependentes da actividade forestal ancoráanse na percepción actual sobre a baixa capacidade de cambio no estado do monte e sobre as condicións de habitabilidade do rural no futuro, indicadores que recoñecen como fenómenos que se reforzan mutuamente e que crean un equilibrio fráxil. Noutras palabras, a percepción de irreversibilidade actuaría como profecía autocumprida e alicerce do bloqueo. Cimentando esta percepción, tres temas emerxen da análise realizada: o acceso á toma de decisións, as relacións de poder e a xustiza. As tres son variables mediadoras nas accións colectivas (Mannarini, Talò e Gelli, 2014).

O control percibido, dimensión constitutiva do empoderamento, xunto con variables de tipo contextual como o sentido de pertencer a unha comunidade, o tipo de aspiracións ou o tipo de construción da identidade teñen sido demostrados, tamén, como antecedentes da acción colectiva (van Stekelenburg, Klandermans e van Dijk, 2009). Os nosos resultados van nesta liña e reflicten un sentimento de empoderamento sociopolítico baixo, especialmente de cara ao futuro. As persoas entrevistadas predín a dificultade crecente dunha potencial acción colectiva entre a comunidade de persoas dependentes da industria forestal madeireira. Isto enténdese como causa e consecuencia da perda do sentimento de comunidade, da competencia das xeracións máis novas para seguir mantendo a actividade produtiva do monte e da falta de esperanza en que no futuro as persoas propietarias forestais teñan capacidade para influír nos usos maioritarios do monte (Louis et al., 2016).

En concreto, o sentido de control, ou axencia, está estreitamente asociado, no discurso das persoas entrevistadas, á equidade. A equidade, ou a percepción sobre a xustiza distributiva e contextual ligada aos usos do monte, pode comprenderse como unha dimensión fundamental do valor, en sentido amplo, da actividade forestal e dos modos de vida locais que a rodean (McDermott, Mahanty e Schreckenber, 2013). Se ben na avaliación actual non hai referencias a este respecto, ao referirse aos cambios futuros na estrutura do sector e á dinámica demográfica regresiva estes fenómenos si están asociados á iniquidade, tanto nun plano material (p. ex. rendas derivadas) como no relativo aos significados culturais e comunitarios que os usos do monte ofrecen. Os escenarios do futuro coinciden en apuntar cara a unha substitución do valor local do monte polo seu valor global, definido pola industria, e que crearía inseguridade sobre a provisión de medios de vida da poboación (Ghazoul, Butler, Mateo-Vega e Koh, 2010).

A inseguridade percibida no benestar comunitario é indicativa da vulnerabilidade presente, e acompáñase dun discurso sobre a perda de capacidade futura para emprender accións colectivas de defensa dos propios intereses como propietarios e propietarias forestais. O benestar é comprendido como proceso e como característica dun sistema.

A Teoría da Identidade Social (Drury e Reicher, 1999) e as da Acción Colectiva (Ostrom, 2010; van Stekelenburg et al., 2011) defenden que a participación en accións colectivas ten consecuencias positivas sobre compoñentes do benestar como o estado de ánimo, a sensación de competencia, a autoeficacia percibida e o empoderamento. A Psicología Comunitaria apoia estas achegas, e demostrou que a relación entre participación e sentido de comunidade, ou entre participación e empoderamento, é circular (Louis et al., 2016), como tamén se constata en traballos que analizan os efectos da organización de procesos participativos entre persoas propietarias forestais para a certificación da súa madeira en Galicia (González Tato et al., 2013).

Como direccións futuras para a investigación, cómpre salientar que un dos compoñentes clásicos do control sociopolítico, a concienciación ou a vontade de reunir información sobre a actualidade, non se menciona no discurso das persoas entrevistadas ao avaliar a situación actual. Isto podería ser explicado pola Teoría de Xustificación do Sistema (Jost e van der Toorn, 2012). De acordo con esta teoría, o sentimento de falta de poder e de iniquidade pode favorecer a defensa do *statu quo* entre os grupos sociais máis negativamente afectados por el. Para o noso caso de estudo, e complementado co prisma do sentimento de lugar e do interese propio, esta teoría da Psicología Política axudaría tamén a explicar por que as persoas entrevistadas non perciben que os significados que asocian ao monte, como o de ser referencia para a construción dunha identidade rural fundada no traballo activo da terra, estean ameazados pola actividade forestal industrial na actualidade, cuxa xestión está maioritariamente externalizada. Interesante, tamén, sería explorar como a percepción de discriminación histórica das persoas propietarias forestais, recollida nas entrevistas, pode asociarse a unha intención de comportamento colectivo menor e predicir descensos nos niveis de benestar subxectivo como resultado da acción colectiva (Foster, 2014).

Por último, sería de interese investigar a influencia do conflito crecente entre demandas que se lle fan ao monte sobre os procesos e significados que apuntalan o apego comunitario das persoas propietarias forestais, indagando sobre a existencia dun apego de tipo negativo que dificultaría as po-

sibilidades de cooperar con grupos que demandan usos non produtivos. Esta polarización xa foi verificada como freo á consecución dos obxectivos da acción colectiva en distintos ámbitos (Thomas e Louis, 2013), e sería enormemente interesante abordala con deseños de investigación lonxitudinais.

4.3. Implicacións para o deseño de políticas: desenvolvemento e benestar funcional

A percepción política sobre o que debера pasar no futuro (un uso máis multifuncional do monte pero onde os cultivos forestais xeren maiores rendas) está desacoplada das referencias ao modelo de gobernanza actual do monte. As visións normativas non son viables se as relacións de poder e a toma de decisións seguen funcionando coma no presente. Así, os nosos resultados apoian as aproximacións aos problemas de sostibilidade como problemas de gobernanza (O’Riordan, 2009).

A nosa análise sistémica viría a indicar que a sensación de perda de control sobre os recursos locais de cara ao futuro non é anulada por un alto sentimento de lugar, e suxire, pola contra, a súa potencial relación co modelo de gobernanza do monte. Isto é coherente cos estudos recentes sobre coexistión dos recursos naturais ou silvicultura comunitaria a nivel global (Bixler, 2014), e van tamén en liña cos resultados de varios traballos que inclúen casos de estudo galegos. Estes últimos demostran a relación entre valores, ou as percepcións do risco (Cidrás, Lois-González e Paül, 2018), modelos de gobernanza do monte e conservación dos recursos naturais.

Fronte ao modelo de gobernanza de *laissez faire*, que caracteriza a xestión forestal en Galicia, outros como o policéntrico teñen vantaxes tanto no tocante ao proceso coma no relativo aos resultados (Adger e Jordan, 2009). En relación ao proceso, os sistemas policéntricos crean condicións favorables para a emerxencia de institucións locais e a súa evolución, porque favorecen que coñecemento, acción e contextos socioecolóxicos se axusten (Berkes, 2010). Verbo dos resultados, estes arranxos facilitan o mantemento dos medios de vida e os beneficios para a economía local (Wyborn e Bixler, 2013), e adecúanse a un modelo de desenvolvemento humano funcional polo cal as opcións da xente para ser e facer o que valora na vida aumenten. Os nosos resultados amosan que a gobernanza actual do monte facilita a concentración de poder e que esta é percibida como a única alternativa.

Tanto na literatura sobre sistemas socioecolóxicos como nos estudos sobre desenvolvemento, a axencia –referida antes como a capacidade de control ou de provocar cambios– é un atributo principal da resiliencia, e funciona tanto de xeito reactivo diante dos cambios como proactivo, ao entenderse como ferramenta para a construción da capacidade para afrontar e modelar as mudanzas (Bousquet et al., 2016; Fischer et al., 2015). A axencia implica capacidade para a mobilización colectiva, que se acciona ben cando existe unha percepción de agravio ou inxustiza, ben cando se quere salvar a distancia entre unha situación actual e unha ideal.

Os nosos resultados non reflicten unha percepción actual de inxustiza ou agravio, que si son habituais nas proxeccións de futuro. Esta cuestión debера ser analizada en traballos futuros para determinar os motivos desa diferenza. En todo caso, o utilitarismo, entendido como cultura da natureza ou sistema de valores, determina a medida en que o funcionamento do sistema –representado na Figura 2 neste traballo– é percibido como inxusto, salientando a importancia de considerar os valores dos distintos grupos sociais no deseño de políticas que aspiren a ser aceptadas socialmente e a contribuír ao desenvolvemento humano, respectando e promovendo aspiracións diversas e en conflito. Ademais, conteñen evidencia dun tipo de resiliencia reactiva, mais non ocorre o mesmo para o tipo de resiliencia proactiva.

Diante da progresiva complexidade do medio rural na Galicia actual, na cal o monte terá un papel protagonista, non caben solucións homoxéneas. Cada territorio ten de buscar fórmulas propias conforme aos seus recursos e posibilidades, e deberá, de acordo con López Iglesias (2012, p. 137), ter en conta actividades, axentes locais fronte a foráneos, consecuencias sobre a poboación local e o papel do sector público. O desenvolvemento do sentimento de comunidade, a construción inclusiva de identidades ou a consideración dos valores que filtran a percepción da realidade e inflúen na nosa definición

de benestar funcional son fundamentais para que a posibilidade da imposición de dinámicas que comprometan os modos de vida locais e a sostibilidade presente e futura dos distintos territorios sexa evitada con políticas eficaces.

A gobernanza policéntrica e multinivel ofrece un marco integrador para entender problemas complexos, para a interacción entre sistemas sociais e naturais, e para eliminar ineficacias. Como ferramenta de deseño de políticas, pode facilitar a superación de retos relacionados coa acción colectiva, ao axudar á escolla do nivel correcto de implementación (Wyborn e Bixler, 2013). Este traballo pretende ser un paso na representación do papel das percepcións nun modelo de gobernanza multinivel para as comunidades dependentes do monte, que deba desenvolverse en profundidade en investigacións futuras.

5. Conclusións

Este traballo demostra que abandono, extractivismo (forestación) e utilitarismo son fenómenos complementarios cuxas interaccións sosteñen unha percepción de irreversibilidade sobre o benestar do rural e das comunidades dependentes da actividade forestal. O reforzo mutuo entre os tres crea unha inseguridade sobre a provisión de medios de vida da poboación local no futuro, tanto materiais como emocionais, ademais dunha probabilidade de acción colectiva baixa. Entre os mecanismos que os conectan, identificados por este artigo, atopamos o sentimento de lugar, a sensación de perda de capacidade de control ou axencia, o apego comunitario, a construción negativa de identidades, a avaliación sobre a xustiza, ou a gobernanza. Estas variables sociais contribúen á creación dunha dependencia da senda e ao bloqueo, teñen unha natureza independente e son dimensións constitutivas dunha situación de dano estrutural sobre as institucións sociais.

Varias implicacións para a diagnose actual e o deseño de políticas para a creación de condicións de vida aceptables no rural poden derivarse deste traballo:

1º. O artigo apoia, coa construción dun modelo sobre a contribución dos usos do monte ao benestar da poboación, a relación circular entre forestación e abandono do rural.

2º. Demostra que a incorporación das percepcións das comunidades implicadas no deseño de intervencións públicas é necesaria, dadas as posibilidades de resistencia diante de políticas coas que non existe conformidade.

3º. Os resultados analizados indican que a gobernanza ten un peso relevante na formación das percepcións da poboación, na aceptabilidade das políticas e nos comportamentos dos distintos actores sociais.

4º. Do estudo derívase o paradoxo de que, sendo a capacidade de axencia reducida, e en ausencia dun colapso do sistema produtivo, este só cambiará diante dun *shock* ou intervención externa, como pode ser a do sector público, responsable directo da creación do sistema de incentivos para que as plantacións industriais se espallaran como uso do solo en Galicia.

5º. A contribución metodolóxica consiste en que o recurso a ferramentas propias da Teoría de Sistemas permite identificar, desconstruír e avaliar o impacto de procesos caracterizados como irreversibles. Estas ferramentas facilitaron o achegamento ao benestar presente e futuro a través dunha cosmovisión conxunta.

6º. A incorporación das visións retrospectivas de futuro e o prisma do benestar funcional no deseño de investigación conectan a diagnose actual co prognóstico futuro e coa axencia, salvando distancias entre as dúas, o que nos permite achegarnos a un tempo a dimensións estáticas e dinámicas da interacción entre persoas e monte.

Relacionado con todo o anterior, e nun plano teórico, os resultados obtidos confirman unha comprensión do benestar entre as persoas entrevistadas como característica dun sistema (na actualidade

en termos de satisfacción, identidade ou empoderamento) e como proceso dinámico (cara ao futuro e relacionado coa capacidade de provocar cambios a través da acción colectiva). Este operativo encaixa cos marcos de análise dos estudos da resiliencia, da gobernanza policéntrica ou dos sistemas socioecolóxicos, e considerámolo prometedor como vía para o diálogo interdisciplinar e para a acumulación de evidencias sobre o papel das variables sociais na sostibilidade.

Con todo, se ben neste traballo buscamos patróns que permitiron a elaboración dunha única cosmovisión, sería interesante complementala cunha análise sobre como esta varía, incluíndo unha maior diversidade de persoas entrevistadas. A ampliación do tamaño da mostra en traballos futuros permitirá identificar empiricamente os mecanismos explorados neste artigo, operar coas variables e coas súas relacións, e ponderalas mediante procedementos estatísticos. Finalmente, o estudo pormenorizado da axencia podería estender a comprensión sobre a relación entre benestar, percepcións e acción colectiva.

Bibliografía

- Adger, W., e Jordan, A. (2009). Sustainability: Exploring the processes and outcomes of governance. En W. Adger e A. Jordan (Eds.), *Governing sustainability* (pp. 3-31). New York, NY: Cambridge University Press.
- Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. (2011). *Plan de zona rural de As Mariñas. Provincia de Lugo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, AGADER. Recuperado de: https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/PDRS/planzona_final_asmarinas.pdf
- Ares-López, D. (2017). Cultures of nature in mid-twentieth-century Galicia. En J. A. Losada e B. Sampedro (Eds.), *Re-routing Galician studies. Multidisciplinary interventions* (pp. 57-71). Cham, Suiza: Palgrave Macmillan.
- Benford, R., e Snow, D. (2000). Framing processes and social movements: An overview and assessment. *Annual Review of Sociology*, 26(1), 611-639. DOI: <http://dx.doi.org/10.1146/annurev.soc.26.1.611>
- Berkes, F. (2010). Shifting perspectives on resource management: Resilience and the reconceptualization of 'natural resources' and 'management'. *Maritime Studies*, 9(1), 13-40. Recuperado de: http://www.marecentre.nl/mast/documents/Mastvol9no1_Berkes.pdf
- Bixler, R. (2014). From community forest management to polycentric governance: Assessing evidence from the bottom up. *Society and Natural Resources*, 27(2), 155-169. DOI: <http://dx.doi.org/10.1080/08941920.2013.840021>
- Bousquet, F., et al. (2016). Resilience and development: Mobilizing for transformation. *Ecology and Society*, 21(3). DOI: <http://dx.doi.org/10.5751/ES-08754-210340>
- Charmaz, K. (2005). Grounded theory in the 21st century. Applications for advancing social justice studies. En N. Denzin e I. Lincoln (Eds.), *The SAGE handbook of qualitative research* (pp. 507-536). Thousand Oaks, CA / London, UK / New Delhi, India: SAGE.
- Cidrás, D., Lois-González, R. C., e Paül, V. (2018). Rural governance against eucalyptus expansion in Galicia (NW Iberian Peninsula). *Sustainability*, 10(10), 3396. DOI: <https://doi.org/10.3390/su10103396>
- Corbelle, E., e Crecente Maseda, R. (2014). Urbanización, forestación y abandono. Cambios recientes en el paisaje de Galicia, 1985-2005. *Revista Galega de Economía*, 23(1), 35-52. Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5146276>
- Drury, J., e Reicher, S. (1999). The intergroup dynamics of collective empowerment: Substantiating the social identity model of crowd behavior. *Group Processes & Intergroup Relations*, 2(4), 381-402. DOI: <https://doi.org/10.1177/1368430299024005>
- Food and Agriculture Organization of the United Nations. (2020). *Global forest resources assessment 2020: Main report*. Rome, Italy: FAO. DOI: <https://doi.org/10.4060/ca9825en>
- Fischer, J., et al. (2015). Advancing sustainability through mainstreaming a social-ecological systems perspective. *Current Opinion in Environmental Sustainability*, 14, 144-149. DOI: <http://doi.org/10.1016/j.cosust.2015.06.002>
- Foster, M. (2014). The relationship between collective action and well-being and its moderators: Pervasiveness of discrimination and dimensions of action. *Sex Roles*, 70(5-6), 165-182. DOI: <http://doi.org/10.1007/s11199-014-0352-1>
- Franklin, J., Johnson, K., e Johnson, D. (2018). *Ecological forest management*. Long Grove, IL: Waveland Press.
- Garud, R., Kumaraswamy, A., e Karnøe, P. (2010). Path dependence or path creation? *Journal of Management Studies*, 47(4), 760-774. DOI: <https://doi.org/10.1111/j.1467-6486.2009.00914.x>

- Ghazoul, J., Butler, R., Mateo-Vega, J., e Koh, L. (2010). REDD: A reckoning of environment and development implications. *Trends in Ecology and Evolution*, 25(7), 396-402. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.tree.2010.03.005>
- González Tato, R., et al. (2013). La certificación FSC de agrupaciones de minifundios forestales de la comarca del Ortegal. *6º Congreso Forestal Español – 6CFE01-443. Montes: Servicios y desarrollo rural. Vitoria-Gasteiz (España), 10-14 de junio de 2013*. Palencia: Sociedad Española de Ciencias Forestales.
Recuperado de: <https://www.congresoforestal.es/actas/doc/6CFE/6CFE01-443.pdf>
- Hartig, T., Mitchell, R., de Vries, S., e Frumkin, H. (2014). Nature and health. *Annual Review of Public Health*, 35(1), 207-228. DOI: <https://doi.org/10.1146/annurev-publhealth-032013-182443>
- Instituto Galego de Estatística. (2013). *Análise da cadea forestal-madeira*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, IGE. Recuperado de: https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Cadea_Forestal.pdf
- Jasper, J. (2017). The doors that culture opened: Parallels between social movement studies and social psychology. *Group Processes & Intergroup Relations*, 20(3), 285-302.
DOI: <https://doi.org/10.1177/1368430216686405>
- Jost, J., e van der Toorn, J. (2012). System justification theory. En J. Jost e J. van der Toorn (Eds.), *Handbook of theories of social psychology* (pp. 313-343). Thousand Oaks, CA / London, UK / New Delhi, India: SAGE. Recuperado de: <https://uk.sagepub.com/en-gb/eur/handbook-of-theories-of-social-psychology/book233017>
- López Iglesias, E. (2012). A gobernanza e xestión do medio rural galego a comezos do século XXI; reflexións e propostas para o debate. En R. Rodríguez González (Coord.), *Galicia, un mundo rural vivo* (pp. 130-147). Universidade Internacional Menéndez Pelayo / Concello de Lalín.
Recuperado de: <https://lalin.gal/files/Galicia%20un%20mundo%20rural%20vivo%20baja.pdf>
- Louis, W. R., et al. (2016). Causality in the study of collective action and political behaviour. En F. M. Moghaddam e R. Harré (Eds.), *Causes and consequences: A multidisciplinary exploration* (pp. 277-302). Santa Barbara, CA: Praeger.
- Mannarini, T., Talò, C., e Gelli, B. (2014). Sense of community, empowerment and social action. An analysis across political orientations. *Psicología Política*, 48, 7-24.
Recuperado de: <https://www.uv.es/garzon/psicologia%20politica/N48-1.pdf>
- Marey-Pérez, M.F., Díaz-Varela, E., e Calvo-González, A. (2014). Does higher owner participation increase conflicts over common land? An analysis of communal forests in Galicia (Spain). *IFores-Biogeosciences and Forestry*, 8(4), 533-543. DOI: <https://doi.org/10.3832/ifor1060-008>
- Marey-Pérez, M. F., Rodríguez Vicente, V., e Crecente Maseda, R. (2007). Perfil del propietario individual en Galicia: objetivos y prácticas de gestión en el noreste de la comunidad. *Revista Galega de Economía*, 16(1), 1-14.
Recuperado de: http://www.usc.es/econo/RGE/Vol16_1/Castelan/art3c.pdf
- Martínez-Cabrera, H., e Rodríguez Rodríguez, G. (Dir.). (2016). *Sentimento de lugar e eucaliptos: unha aproximación interdisciplinar ao estado do monte en Galicia*. (Traballo fin de máster en Desenvolvemento Económico e Innovación, Curso 2015-2016). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Recuperado de: <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/23038>
- Masterson, V., Enqvist, J., Stedman, R., e Tengö, M. (2019). Sense of place in social-ecological systems: From theory to empirics. *Sustainability Science*, 14(3), 555-564.
DOI: <https://doi.org/10.1007/s11625-019-00695-8>
- McDermott, M., Mahanty, S., e Schreckenber, K. (2013). Examining equity: A multidimensional framework for assessing equity in payments for ecosystem services. *Environmental Science and Policy*, 33, 416-427.
DOI: <https://doi.org/10.1016/j.envsci.2012.10.006>
- Nussbaum, M. (2011). Capabilities, entitlements, rights: Supplementation and critique. *Journal of Human Development and Capabilities*, 12(1), 23-37. DOI: <https://doi.org/10.1080/19452829.2011.541731>
- O’Riordan, T. (2009). Reflections on the pathways to sustainability. En W. Adger e A. Jordan (Eds.), *Governing sustainability* (pp. 307-328). Cambridge, UK: Cambridge University Press.
DOI: <https://doi.org/10.1017/CBO9780511807756.015>
- Ostrom, E. (2010). Polycentric systems for coping with collective action and global environmental change. *Global Environmental Change*, 20, 550-557. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.gloenvcha.2010.07.004>
- Picos Martín, J. (2015). O sector forestal en Galicia: problemática actual e perspectivas futuras. *Documento 10/2015*. Ourense: Foro Económico de Galicia.
Recuperado de: <https://drive.google.com/file/d/0Bwl2luNX96ynNDZBai1tcXIVSkk/view>
- Pols, A., e Romijn, H. (2017). Evaluating irreversible social harms. *Policy Sciences*, 50(3), 495-551.
DOI: <https://doi.org/10.1007/s11077-017-9277-1>

- Prno, J., e Scott Slocombe, D. (2012). Exploring the origins of 'social license to operate' in the mining sector: Perspectives from governance and sustainability theories. *Resources Policy*, 37(3), 346-357. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.resourpol.2012.04.002>
- Rozzi, R., et al. (2018). From biocultural homogenization to biocultural conservation: A conceptual framework to reorient society toward sustainability of life. En R. Rozzi et al. (Eds.), *From biocultural homogenization to biocultural conservation* (pp. 1-17). Basel, Switzerland: Springer Nature.
- Stedman, R. (1999). Sense of place as an indicator of community sustainability. *The Forestry Chronicle*, 75(5), 765-770. DOI: <https://doi.org/10.5558/tfc75765-5>
- Stedman, R. (2002). Toward a social psychology of place. *Environment and Behavior*, 34(5), 561-581. DOI: <https://doi.org/10.1177/0013916502034005001>
- Stedman, R. (2003). Is it really just a social construction?: The contribution of the physical environment to sense of place. *Society and Natural Resources*, 16(8), 671-685. DOI: <https://doi.org/10.1080/08941920309189>
- Sterman, J. (2000). *Business dynamics: Systems thinking and modeling for a complex world*. Boston, MA: McGraw-Hill.
- Thomas, E., e Louis, W. (2014). When will collective action be effective? Violent and non-violent protests differentially influence perceptions of legitimacy and efficacy among sympathizers. *Personality & Social Psychology Bulletin*, 40(2), 263-276. DOI: <https://doi.org/10.1177/0146167213510525>
- Ullman, J., e Bentler, P. (2012). Structural equation modeling. En J. Ullman e P. Bentler (Eds.), *Handbook of psychology*, Second Edition (pp. 293-325). Hoboken, NJ: John Wiley & Sons.
- van der Toorn, J., et al. (2015). A sense of powerlessness fosters system justification: Implications for the legitimation of authority, hierarchy, and government. *Political Psychology*, 36(1), 93-110. DOI: <https://doi.org/10.1111/pops.12183>
- van Stekelenburg, J., Klandermans, B., e van Dijk, W. (2009). Context matters: Explaining how and why mobilizing context influences motivational dynamics. *Journal of Social Issues*, 65(4), 815-838. DOI: <https://doi.org/10.1111/j.1540-4560.2009.01626.x>
- van Stekelenburg, J., Klandermans, B., e van Dijk, W. (2011). Integrando la motivación y la emoción: la dinámica de la motivación para la participación en la protesta. *Revista de Psicología Social*, 26(1), 91-104. DOI: <https://doi.org/10.1174/021347411794078426>
- van Zomeren, M., e Louis, W. (2017). Culture meets collective action: Exciting synergies and some lessons to learn for the future. *Group Processes & Intergroup Relations*, 20(3), 277-284. DOI: <https://doi.org/10.1177/1368430217690238>
- Vergragt, P., e Quist, J. (2011). Backcasting for sustainability: Introduction to the special issue. *Technological Forecasting and Social Change*, 78(5), 747-755. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.techfore.2011.03.010>
- Wyborn, C., e Bixler, R. P. (2013). Collaboration and nested environmental governance: Scale dependency, scale framing, and cross-scale interactions in collaborative conservation. *Journal of Environmental Management*, 123, 58-67. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.jenvman.2013.03.014>